



Nº 27- Xaneiro 2008

O **Chafariz**, o Boletín de información da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos, fica aberto á vosa colaboración. Se queredes enviar novas para inserir no vindeiro Chafariz, ou se detectades calquera problema, por favor comunicádeo mandando un correo ó noso enderezo electrónico [Galicia@geografos.org](mailto:g Galicia@geografos.org).

NOVAS DA DELEGACIÓN

ASEMBLEA DA DELEGACIÓN GALEGA DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS

A Xunta de Goberno da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos acordou, na súa xuntanza do 31 de decembro de 2007, convocar a asemblea ordinaria da Delegación para o mes de febreiro de 2008.

Nesta altura estase traballando para pechar unha data e buscar o local para realizar a devandita asemblea. A pretensión é realizala na segunda quincena de febreiro, e na cidade de Santiago de Compostela.

Nesa asemblea expoñeráse a memoria da actividades de 2007, presentarase o estado de contas de 2007, e a proposta de orzamentos para 2008.

De igual maneira propoñeráse as actuacións para 2008 de cara a relanzar a actividade da Delegación no ano que resta denantes das vindeiras eleccións para a renovación da Xunta de Goberno Galega.

Asemade levarase a debate a proposta de regulamento interno da Delegación Galega, para a súa análise, modificación e posterior aprobación, se se considera axeitado.

Nos vindeiros días os colexiados e colexiadas galegos recibirán no seu enderezo postal a convocatoria desta asemblea, que irá acompañada dun calendario para 2008, que foi editado a nivel estatal para tódolos membros do Colexio.

Aproveitamos a ocasión para lembrar ós colexiados e colexiadas que mudaron de domicilio ou de correo electrónico, por favor, nos indiquen, no correo [Galicia@geografos.org](mailto:g Galicia@geografos.org), os novos enderezos no prazo máis reducido posible, para actualizar a base de datos e que os envíos postais e electrónicos cheguen sen ningún contratempo.

ASUNCIÓN DA COMPETENCIA PLENA DA SECRETARÍA

De igual xeito, na Xunta de Goberno da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos do 31 de decembro de 2007 acordouse asumir e solicitar ó Colexio estatal a competencia plena dos labores de secretaría.

O Regulamento de Secretaría do Colexio de Xeógrafos, aprobado en 2007, é a norma interna que vén sinalar as tarefas e os procesos necesarios para a xestión dos asuntos internos do Colexio.

No seu artigo número 3 indícase que *as atribucións da Secretaría Xeral poderán ser delegadas ás Secretarías das delegacións*

territoriais, a petición expresa da Xunta de Goberno Territorial á Xunta de Goberno do Colexio. O alcance e a forma desta delegación terase que establecer nun protocolo acordado entre as dúas partes.

En aras dunha maior proximidade ó colexiados/as e co obxectivo de axilizar e simplificar os procedementos internos, a Xunta da Delegación Galega tomou a decisión de solicitar a competencia plena da Secretaría, e de negociar o protocolo que defina os mecanismos necesarios para o seu correcto e seguro funcionamento.



NOVAS DO COLEXIO

ASEMBLEA ESTATAL DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS

De igual maneira que a Delegación Galega, a nivel estatal tamén cómpre realizar a asemblea ordinaria do Colexio para 2008.

Esta asemblea, que será a primeira dende a pasada renovación no outono de 2007 da Xunta Estatal, terá lugar en Canarias o día 1 de marzo de 2008.

Como vén sendo habitual, as convocatorias da asemblea estatal fanse itinerantes, ó longo das distintas comunidades autónomas, co obxectivo

de achegarse ó colexiados/as e remarcando o carácter descentralizado e dinámico do Colexio.

Asemade, esta asemblea estatal vai coincidir, no mesmo día, coa da Delegación Canaria, e terán lugar na cidade de La Laguna, en Tenerife.

Nas vindeiras datas os colexiados e colexiadas tamén recibirán por correo ordinario a convocatoria para asistir a esta asemblea. Dende a Delegación Galega animámosvos a asistir, aínda que somos conscientes das dificultades que iso ten.

CONTRATACIÓNS DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS

O Colexio, a nivel estatal, abriu un proceso de contratación de dous técnicos/as para reforzar e ampliar a estrutura da nosa organización a medida que vai medrando e asentándose.

Neste caso, convócanse as prazas de Técnico/a Superior, que terá que asumir as tarefas de xestión e administración da colexiación e dos servizos e proxectos do Colexio; e por outra banda un Técnico/a Informático, que se

encargará da xestión da web e do mailing, principais medios de comunicación do Colexio.

No caso da primeira praza o posto de traballo estará situado en Barcelona, na sé do Colexio, mentres que o Técnico/a Informático traballará dende Alacante.

Para máis información podedes consultar as bases no enlace existente na páxina web do Colexio: www.geografos.org.

NOVAS XEOGRÁFICAS

AVALIACIÓN NO ENSINO SECUNDARIO E CURRÍCULO DE INFANTIL

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicou recentemente a *Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O obxecto desta orde é regular os elementos precisos para levar a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe, a promoción e a titulación do alumnado da educación secundaria obrigatoria en Galicia.

Por tal motivo, este é un documento de interese sobranceiro para aqueles xeógrafos/as que se

adican, ou que se queren dedicar, á docencia na ESO.

Poderán atopar o texto completo desta orde no DOG número 4 do 7 de xaneiro de 2008 (www.xunta.es/diario-oficial).

Por outra banda, o Ministerio de Educación e Ciencia tamén publicou o *Currículo e a ordenación do ensino infantil*, para todo o Estado.

Pódese consultar o seu texto no BOE número 5 do 5 de xaneiro de 2008 (www.boe.es).

AVALIACIÓNS AMBIENTAIS ESTRATÉXICAS

A Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible pon ó dispor da cidadanía os seguintes documentos de cara a

poder presentar as observacións oportunas con relación á súa Avaliación Ambiental Estratéxica, segundo se establece na Lei 9/2006:



- Proxecto Sectorial do Centro de Excelencia Electrónica para Vehículos Intelixentes no Concello de O Porriño; Data de inicio da consulta: 25/01/2008; Data de fin da consulta: 04/02/2008
- Plan Especial de Dotacións para a Construción de dous equipamentos sociais públicos, no Concello de Vilamarín; Data de inicio da consulta: 25/01/2008; Data de fin da consulta: 04/02/2008
- Modificación Puntual nº 13 do PXOM (modificación da ficha 22.03 do inventario do medio urbano, o edificio da Subdelegación do

Goberno situado na rúa Parque de San Lázaro nº1), no Concello de Ourense; Data de inicio da consulta: 25/01/2008; Data de fin da consulta: 04/02/2008

- Plan de Sectorización dun Sector SRAU-C na zona de San Xoán, no Concello de Ferrol; Data de inicio da consulta: 25/01/2008; Data de fin da consulta: 04/02/2008

Pódese acceder directamente a estes documentos no seguinte enlace:

<http://aae.medioambiente.xunta.es/>

INFORMACIÓN PÚBLICA – VAL DO NAVEA PAISAXE PROTEXIDA

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible pon ó dispor da cidadanía, durante un mes dende a publicación do anuncio, o texto proposto para o *Decreto polo que se declara o Val do Río Navea como paisaxe protexida*.

As persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións a esta proposta de Decreto.

Para ver o anuncio deste proceso de información pública pode consultar o DOG número 3 do día de xaneiro de 2008 (www.xunta.es/diario-oficial).

CONGRESOS E CURSOS

II FORO GALEGO DE EDUCADORAS E EDUCADORES AMBIENTAIS

O **CEIDA** (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) e a **Sociedade Galega de Educación Ambiental**, co patrocinio da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, organizan o *II Foro Galego de Educadoras Ambientais*.

Este foro desenvolverase entre o vindeiro 29 de febreiro e o 1 de marzo de 2008, co obxecto de

compartir e dar a coñecer as iniciativas e reflexións que xorden dende os profesionais galegos da educación ambiental.

O Congreso terá lugar na sé do CEIDA, no Castelo de Santa Cruz, no Concello de Oleiros.

O prazo de preinscrición remata o 8 de febreiro. Máis información en: www.ceida.org.

XORNADA HUMIDAI SANS, XENTE SA: PROTEXER AS BRAÑAS DE SADA

Tamén o CEIDA organiza a *Xornada Humidais Sans, Xente Sa: Protexer as Brañas de Sada*.

Esta xornada constará dunha conferencia inaugural: Liñas de acción da Dirección Xeral de Conservación da Natureza na conservación dos humidais galegos. Logo unha mesa redonda: O papel da sociedade e da administración na conservación dos humidais. Que dará paso á proxección do DVD “As Brañas de Sada, un

humidal a protexer”. Despois a charla sobre a Importancia dos humidais galegos: As Brañas de Sada, e rematando cunhas actividades guiadas polas Brañas de Sada.

A xornada celebrarase na Casa da Cultura Pintor Lloréns, de Sada, o vindeiro día 9 de febreiro.

Máis información na páxina: www.ceida.org/files/infohumidais.pdf



O TURISMO SOSTIBLE COMO ALTERNATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

Unha terceira actividade do CEIDA é a xornada O Turismo Sostible como alternativa de Desenvolvemento Local.

O obxecto é debater sobre o papel das paisaxes culturais como un patrimonio turístico de Galicia. Analizaranse a situación actual e as perspectivas de futuro do turismo nos espazos rurais de Galicia, en especial o Camiño de Santiago como recurso turístico patrimonial de

Galicia. Asemade dedicarase tempo ós espazos naturais como recurso turístico.

Neste caso a xornada terá lugar no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros, o vindeiro día 19 de febreiro.

O prazo de inscrición remata o día 12 de febreiro

Máis información en:
www.ceida.org/files/formacion/turismosostible.pdf.

METODOLOXÍAS CIENTÍFICAS PARA A CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

A entidade ecoloxista **Amigos da Terra** organiza o curso *Aplicación de Metodoloxías Científicas para a Conservación do Medio Natural*.

O contido do curso centrarase en revalorizar a importancia do coñecemento científico para a realización de actuacións conscientes, coherentes e sostibles. Comprender o funcionamento dos procesos naturais a través da ciencia. Facer conscientes ás/ós participantes das problemáticas ambientais e da necesidade de conservación, fortalecendo ou creando unha

conciencia ambiental. Dar a coñecer o ecosistema de montaña galego.

O curso terá lugar no C.E.A. "As Corcerizas", de Ourense.

A data de inscrición comezou o 10 de decembro de 2007 ata cubrir 40 prazas.

O curso comeza o 1 de abril de 2008, e rematará o 30 de xuño de 2008.

Máis información na web:

www.amigosdaterra.net/info/ascorceriza/wp/?page_id=304

I CONGRESO MEDIO RURAL, AGRICULTURA E CAMBIO CLIMÁTICO

O sindicato Unións Agrarias-UPA organiza o I Congreso "Medio Rural, Agricultura e Cambio Climático", que terá lugar entre os días 28 e 29 de febreiro de 2008.

O lugar escollido para celebralo é o Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela.

Os contidos das diferentes poñencias que se desenvolverán durante o Congreso son cada vez máis demandados polos profesionais do medio ambiente e do sector agroforestal. Durante o

Congreso preténdese xerar unha importante documentación que plasme a situación actual, en relación co Cambio Climático e o seu posible impacto sobre o sector agroforestal e o medio rural en xeral de noso país, servindo de marco de referencia a futuras actuacións no medio rural.

É posible inscribirse ata o día 23 de febreiro, e se pode obter máis información na web:

http://www.mma.es/portal/secciones/formacion_educacion/agendas/O2mediorural.htm.

I CURSO DE ESPECIALIZACIÓN XORNALÍSTICA "A INFORMACIÓN AMBIENTAL"

O **CIDACOM** (Grupo de investigación Cidadanía e Comunicación) da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, organiza o I Curso de Especialización Xornalística "A Información Ambiental".

Os contidos desta acción formativa son obter fundamentos de especialización xornalística; a necesidade e metodoloxía do xornalismo especializado; a especialización por contidos e

medios; comunicar a ciencia; introdución ó xornalismo ambiental; problemas atmosféricos, de auga, de residuos, de ruídos e información; e os medios audiovisuais e a información ambiental.

O curso terá lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Este curso terá lugar entre o 23 de febreiro e o 10 de maio de 2008.



Máis información na páxina
www.xornalistas.com/novidades/curso.p

hp?id=17&lg=gal.

II CONGRESO DE AGROECOLOXÍA E AGRICULTURA ECOLÓXICA EN GALIZA

A Universidade de Vigo organiza o II Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica en Galiza.

Os temas a tocar neste congreso serán as Políticas agrarias e desenvolvemento rural; Protección de plantas, biodiversidade e recursos xenéticos; Coñecemento e agricultura tradicional; Auga, solos e fertilización; Produción de plantas e prácticas culturais; Sistemas ecolóxicos de produción animal; Silvicultura ecolóxica; Elaboración, transformación, comercio e consumo de produtos da agricultura ecolóxica; Transición a

agricultura ecolóxica; Seguridade e saúde alimentaria; Calidade dos alimentos ecolóxicos; Ética, ciencia e educación; Lexislación, normas e certificación; Paisaxe, valores ambientais e turismo rural.

O congreso terá lugar no Colexio da Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos, entre os días 2 e 4 de maio de 2008.

Máis información na páxina
<http://webs.uvigo.es/cultura.tradicion.innovacion/Portada22.htm>.

CONVOCATORIAS, CONCURSOS E AXUDAS

SIX DE TRANSPORTES

A Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia anuncia a contratación de 8 lotes de traballo de recollida de datos das concesións de transportes de viaxeiros por estrada, dentro do proxecto **SIX Transportes**.

O importe total, dividido en 8 lotes, é de 137.000 euros.

As ofertas deben presentarse no prazo de 10 días dende a publicación do anuncio da convocatoria.

O anuncio e as bases completas desta contratación están dispoñibles na páxina web: www.comarcasdegalicia.com, no enlace da *Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal*, e dentro del na área de *Concursos e Contratacións*.

REDACCIÓN DO PXOU DE MOECHE

O Concello de Moeche vén de licitar a contratación dunha consultoría e asistencia técnica para a elaboración do seu Plano Xeral de Ordenación Urbana.

O orzamento base de licitación é de 110.725,92 euros.

O prazo para a presentación de ofertas é de 22 días dende a publicación do anuncio no BOP ou no DOG.

Este anuncio foi publicado no BOP d'A Coruña número 12 do día 15 de xaneiro de 2008 (www.dicoruna.es/bop).

REDACCIÓN DO PXOU DE MONTERROSO

O Concello de Monterroso acaba de licitar a contratación dunha consultoría e asistencia técnica para a redacción do seu Plano Xeral de Ordenación Municipal.

O orzamento base desta licitación é de 135.979,20 euros.

O Prazo límite para presentar propostas é de 15 días naturais logo da publicación do anuncio no BOP de Lugo ou no DOG.

Os pregos están dispoñibles na web www.monterroso.es.



O anuncio está no DOG número 18 do 25 de xaneiro de 2008 (www.xunta.es/diario-

[oficial](http://www.xunta.es/diario-oficial)).

SIX DE FEVE

A empresa FEVE (Ferrocarriles Españoles de Vía Estrecha) sacou a concurso a adxudicación do contrato para a implantación dun SIX corporativo para FEVE, na súa primeira fase.

O importe do orzamento base de licitación é de 764.672,00 euros.

As ofertas poden presentarse deica o día 7 de febreiro de 2008.

O anuncio desta contratación foi publicado no BOE número 4 do 4 de xaneiro de 2008 (www.boe.es).

AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PXOM DE REDONDELA

O Concello de Redondela vén de licitar a contratación dun concurso para a execución da asistencia técnica para o desenvolvemento do proceso de avaliación ambiental do seu PXOM.

Esta asistencia técnica está dividida en 3 fases, tendo un orzamento base de licitación de 40.000 euros para a primeira e 10.000 para cada unha das restantes.

O prazo para presentar propostas é de 15 días naturais contados a partir do seguinte ó da derradeira publicación do anuncio no BOP de Pontevedra ou no DOG.

Pódese consultar o anuncio no BOP de Pontevedra número 12 , do xoves 17 de xaneiro do 2008 (www.bop.depontevedra.es/bop).

WEB GIS DA CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E D.S.

A Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de publicar a licitación, polo sistema de concurso público, da contratación da asistencia técnica para a evolución do actual sistema GIS RIMAX desta consellaría cara a un ámbito baseado en servizos WEB GIS.

O orzamento base de licitación son 116.000 euros.

O prazo de presentación de propostas é de 15 días naturais contados dende o seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia.

O anuncio publicouse no DOG número 23, do venres 1 de febreiro.

EMPREGO E BOLSAS

BOLSAS PARA EXPERTOS TURÍSTICOS

A Dirección Xeral de Turismo vén convocar 7 bolsas destinadas á formación de expertos no eido do turismo en mercados emisores.

A contía da bolsa está entre os 23.500 e os 24.200 euros brutos anuais, e desenvolverán o seu labor nas oficinas españolas de turismo no país de destino.

En concreto, as cidades de destino son Nova York, Lisboa, Londres, Milán, Bruxelas, Viena e Copenhague.

A presentación de solicitudes ten que facerse dentro do prazo dun mes dende a publicación do anuncio no DOG.

Para obter máis información podedes consultar o propio DOG número 8 de 11 de xaneiro 2008 (www.xunta.es/diario-oficial).